

Comunicado nº 050/22

13 de Abril de 2022

□ AUTORIZACIÓN DE PRBAS DEPORTIVAS, ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, E ACTIVIDADES RECREATIVAS:

Ante das dúbidas xurdidas nalgúns Concellos sobre a competencia e o procedemento para a autorización da celebración de probas deportivas, de espectáculos públicos, e actividades recreativas que se desenvolvan en mais dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto na "Lei 10/2017", do 27 de decembro, de probas deportivas, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e no "Decreto 98/2020", do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de probas deportivas, de espectáculos públicos, e actividades recreativas que se desenvolvan en mais dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre facer as seguintes consideracións:

- Sobre a competencia para autorizar este tipo de probas e actividades:
 - .- A "Lei 10/2017", do 27 de decembro, dentro das competencias municipais (Artigo 5), establece que lles corresponde aos Concellos "Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coas probas deportivas, espectáculos públicos, e coas actividades recreativas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario".
 - .- O artigo 4 da mesma lei, dentro das competencias autonómicas (Artigo 4), establece que lle corresponde á Consellería competente en materia de probas deportivas, de espectáculos públicos, e actividades recreativas "autorizar a celebración dos espectáculos e actividades recreativas que se desenvolvan en mais dun termo municipal da Comunidade Autónoma, con arreglo ao procedemento que deberá ser aprobado no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor da lei".
 - .- En consecuencia, os Concellos asumirán esta función dentro da competencia municipal en materia, de probas deportivas, de espectáculos públicos, e actividades recreativas sempre e cando as probas deportivas, os espectáculos públicos, e as actividades recreativas discorran integramente dentro do termo municipal correspondente.
 - Sobre o prazo de presentación da solicitude de autorización autonómica:
 - .- Tal e como establece o artigo 6 do "Decreto 98/2020", do 2 de xullo, "a entidade organizadora, da proba deportiva, do espectáculo público ou da actividade recreativa deberá solicitar a autorización ante o órgano competente, cunha antelación mínima de 30 días da data prevista para a súa celebración".
- Cómpre aclarar que a antelación mínima refírese a 30 días hábiles.

**ASESORÍA XURÍDICA DA
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**